

5. Control tributario e aduaneiro

As tarefas de asistencia e de axuda aos contribuíntes complementáanse coas actuacións de control orientadas a detectar e corrixir os incumprimentos. Tales actuacións perseguen dous grandes obxectivos: a descuberta das débedas non declaradas polos contribuíntes e o cobro das débedas non ingresadas voluntariamente nos prazos establecidos. As actuacións de control poden ser :

1. Extensivas. Son controis de carácter masivo, que se realizan cun forte soporte informático en relación con todas as declaracións e, especialmente, con ocasión das campañas anuais dos diferentes impostos, que se basean fundamentalmente na información dispoñible nas bases de datos tributarias.
2. Selectivas e de investigación. Son controis a contribuíntes cos que, sobre a base de criterios obxectivos, existe un maior risco de elusión das súas obrigas tributarias.
3. Recadatorias. Son as actuacións dirixidas ao cobro dos créditos tributarios e demais de dereito público non ingresados en período voluntario polo debedor.

5.1. Control extensivo

5.1.1. Actuacións de control extensivo en tributos internos

5.1.1.1. Depuración do censo

Durante 2005 realizáronse unha serie de tarefas tendentes á depuración do censo de empresarios, profesionais e retedores, para o que se desenvolveron as dúas seguintes campañas:

- Depuración censal integral (DCI):
 - Cartas emitidas: 154.362
 - Contribuíntes visitados: 823
 - Contribuíntes dados de baixa na DCI ao seren depurados todos os criterios: 172.866
- Depuración do Índice de Entidades e requirimentos a non declarantes polo Imposto sobre Sociedades (DIE):
 - Requirimentos emitidos: 215.035
 - Baixas provisionais emitidas: 78.193

5.1.1.2. Comprobación de declaracións anuais

Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas

Como noutros anos, a campaña de comprobación do IRPF foi realizada en dúas fases diferenciadas.

A primeira fase corresponde á verificación masiva de declaracións co gallo de detectar erros e discrepancias nos datos declarados respecto da información contida nas bases de datos da Axencia Tributaria. Foron emitidas 491.062 liquidacións provisionais por un importe de 364,349 millóns de euros.

Dentro da primeira fase de verificación masiva realízase a cualificación das declaracións de acordo cunha serie de filtros establecidos que poden agruparse en:

- Aritméticos. Controlan posibles erros aritméticos ou normativos que existan nos datos declarados.
- Pseudoliquidación. Detectan discrepancias entre os datos declarados e as imputacións procedentes de declaracións informativas.
- Proposta de liquidación por límites ou importes. Para determinadas partidas da declaración, contrólase que estas non superen certos límites ou importe.

IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS 2003 (PRIMEIRA FASE)							
ORIXE	LIQUIDACIÓNS			IMPORTE			
	NÚMERO LIQUIDACIÓNS	% VARIACIÓN 03/02	% VARIACIÓN 03/02	IMPORTE*	% VARIACIÓN 03/02	% VARIACIÓN 03/02	IMP. MEDIO**
Orixe paralela aritmética	30.330	6,18	1,36	13,889	3,81	21,97	457,96
Orixe pseudoliquidación	226.467	46,12	-31,28	143,569	39,40	-21,57	633,95
Orixe proposta de liquidación	234.265	47,71	-15,13	206,891	56,78	2,17	883,15
TOTAL	491.062	100,00	-22,72	364,349	100,00	-8,21	741,96

*En millóns de euros

**En euros

Na segunda fase da campaña da comprobación sobre declarantes e non declarantes realizáronse 12.006 liquidacións por un importe de 8.186 millóns de euros. Así e todo, cómpre ter en conta que na data da obtención destes datos aínda non concluíu

a campaña de “non declarantes de IRPF 2003”.

Os resultados globais da campaña de comprobación IRPF-2003 supoñen un total de 372,534 millóns de euros e a regularización de 503.068 contribuíntes, segundo se aprecia no seguinte cadro:

IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS 2003 (PRIMEIRA E SEGUNDA FASE)				
	NÚMERO	% var. ano anterior	IMPORTE	% var. ano anterior
Liquidacións provisórias sobre declaracións presentadas	491.062	-22,72 %	364,348	-8,21 %
2ª fase (inclúe declarantes e non declarantes)	12.006	-35,88 %	8,186	-36,50 %
TOTAL	503.068	-23,10 %	372,534	-9,10 %

Importe en millóns de euros

Doutra banda, en 2005 iniciouse a campaña de control do IRPF 2004.

[Imposto sobre sociedades](#)

En 2005, practicáronse 19.218 liquidacións polo Imposto sobre Sociedades 2003 por un importe global de 69,05 millóns de euros. Estes datos non recollen as comprobacións efectuadas polas Unidades de Xestión de Grandes Empresas, que se analizan no apartado “Actuacións de control extensivo sobre Grandes Empresas”.

[Imposto sobre o Valor Engadido](#)

Canto ao IVE-2004 practicáronse 60.430 liquidacións provisórias por un importe global de 334.880 millóns de euros. Estes datos non son definitivos, dado que a campaña rematará durante 2006.

[5.1.1.3. Comprobación de declaracións periódicas](#)

A existencia dun censo de empresarios, profesionais e retedores onde figuran, entre outros datos, as obrigas periódicas ás que cada un deles está obrigado, permite que mediante o cruzamento coas autoliquidacións presentadas, se

poidan controlar aqueles que non cumpren coas súas obrigas.

O control das obrigas periódicas realízase a través do Sistema de Control de

Presentación de Autoliquidacións (SCPA). Neste sistema distínguense dúas ramas de procedemento en función do nivel de referencia.

1. Obrigas con nivel de referencia certo que, asemade, comprenden:

- a) Suxeitos pasivos acollidos ao réxime de estimación obxectiva do IRPF, procedemento propio que se desenvolve no apartado "Actuacións sobre contribuíntes en módulos".

Os resultados das "Actuacións sobre contribuíntes en módulos" das Campañas 2005 son os correspondentes ao terceiro e cuarto trimestre de 2004 e primeiro e segundo trimestre de 2005. Os datos son os que figuran no seguinte cadro.

COMPROBACIÓN DE DECLARACIÓNS PERIÓDICAS MOD. 131

CARTAS DE AVISO			CARTAS TRÁMITE DE AUDIENCIA			LIQUIDACIÓN PROVISORIAS	
Emitidas	Presentan Autoliquidación	Importe Ingresado	Emitidas	Presentan Autoliquidación	Importe Ingresado	Emitidas	Importe Liquidado
81.009	3.290	3,942	13.333	377	0,334	6.860	0,101

Importe en millóns de euros

- b) Obriga Modelo 202, procedemento de comprobación dos pagamentos fraccionados á conta do Imposto sobre Sociedades. Os devanditos pagamentos realízanse en referencia á cota íntegra do último exercicio minorada nas

deducións, retencións e pagamentos fraccionados realizados.

O cadro seguinte recolle os resultados das Campañas 2005 do control do pagamento á conta do Modelo 202 realizado durante o terceiro período de 2004 e primeiro e segundo de 2005.

COMPROBACIÓN DE DECLARACIÓNS PERIÓDICAS MOD. 202

CARTAS DE AVISO			CARTAS TRÁMITE DE AUDIENCIA			LIQUIDACIÓN PROVISORIAS	
Emitidas	Presentan Autoliquidación	Importe Ingresado	Emitidas	Presentan Autoliquidación	Importe Ingresado	Emitidas	Importe Liquidado
1.701	361	1,012	30.909	936	9,773	14.274	1,231

Importe en millóns de euros

2. Obrigas con nivel de referencia estimado, cuxo control se realiza trimestralmente e comprende:

- O envío dunha carta- comunicación sen notificación de recepción, aos contribuíntes que incumprisen algunha obriga nese trimestre, solicitándolles a presentación da declaración correspondente.

- O envío dun requirimento con notificación de recepción, solicitándolle ao contribuínte a presentación das declaracións durante o exercicio.

Os resultados das Campañas 2005 son os correspondentes ao terceiro e cuarto trimestre de 2004 e primeiro e segundo de 2005 segundo se recolle no seguinte cadro.

**O balance das actuacións
Control tributario e aduaneiro**

**COMPROBACIÓN OBRIGAS PERIÓDICAS SCPA NIVEL DE REFERENCIA
ESTIMADO (3T e 4T - 2004 e 1T e 2T - 2005)**

AUTOLIQUIDACIÓNS PRESENTADAS

	EMITIDAS	NÚMERO	IMPORTE*	IMPORTE MEDIO**
Cartas Comunicación	360.498	58.492	20,290	346,88
Requirimentos emitidos	257.752	49.254	57,955	1.176,66
TOTAL	618.250	107.746	78,245	726,19

* Importe en millóns de euros

** Importe en euros

5.1.2. Actuacións sobre contribuíntes en módulos

Os resultados das actuacións de regularización da situación tributaria

dos contribuíntes en módulos que se materializan por medio de actas de inspección e de liquidacións provisionarias foron durante 2005:

RESULTADOS DE ACTUACIÓN DE CONTROL DE MÓDULOS EJERCICIO 2005

	NÚMERO	IMPORTE
Liquidacións Provisionarias Emitidas	6.860	0,101
Actas de Inspección	35.062	45,180
TOTAIS	41.922	45,281

Importe en millóns de euros

5.1.3. Actuacións de control extensivo sobre grandes empresas

Ata 2005, o control extensivo das grandes empresas foi competencia de:

- A Unidade Central de Xestión de Grandes Empresas (UCXGE) que centra a súa actividade no desenvolvemento das funcións de xestión tributaria correspondente ao censo de Grandes Empresas cuxa adscrición inspectora

corresponde á Oficina Nacional de Inspección.

- As Unidades de Xestión de Grandes Empresas das Dependencias Rexionais de Inspección (UXGES).

En 2005, os resultados liquidatorios da actividade xestora realizada polas Unidades de Xestión de Grandes Empresas (UXGE e UXGES) foron:

ACTUACIÓN DE CONTROL EXTENSIVO SOBRE GRANDES EMPRESAS

	2004	2005	VARIACIÓN 2005/2004
Débeda liquidada	139,75	184,315	31,89
Minoración de devolucións e compensacións	525,33	186,819	-64,43
Minoración bases impositivas negativas	18,19	77,076	323,72
TOTAL	683,27	448,210	-34,40

En millóns de euros

A diminución en 2005 dos resultados relativos á minoración de devolucións e compensacións vén motivada pola necesaria adaptación, durante o primeiro trimestre do ano, das aplicacións informáticas á nova Lei Xeral Tributaria. Ademais, cómpre ter presente que os resultados do ano 2004 incorporan resultados excepcionais na minoración de devolucións e compensacións do IVE de grandes empresas exportadoras.

5.1.4. Actuacións de control das declaracións Intrastat

Durante 2005 as oficinas provinciais de Intrastat seguiron a realizar as súas tarefas de control do cumprimento da obriga estatística Intrastat, tanto mediante a emisión dos correspondentes requirimentos por incumprimento, como mediante a depuración da calidade do dato estatístico, que se realiza, fundamentalmente, por medio dos requirimentos por erros na declaración e das comunicacións de prezos medios.

Produciuse un aumento do 1 por cento dos requirimentos por incumprimento derivado da intensificación dos controis que realizan as oficinas Intrastat.

Os requirimentos por erros na declaración teñen por obxecto a corrección dos erros formais detectados. As comunicacións de prezos medios remiten a aqueles operadores cuxas declaracións conteñen datos que resultan incongruentes dende o

punto de vista da relación entre o código da mercadoría, a masa ou as unidades e o valor declarado.

Continúa a tendencia, xa sinalada en anos pasados, tanto á diminución do número de requirimentos por erros (0,5 por cento) como á minoración de comunicacións por prezos medios (2 por cento). Os operadores, ao teren un coñecemento exacto e próximo no tempo dos erros e incongruencias, resólvenos cada vez máis sen recorreren á vía do requirimento.

5.1.5. Actuacións de xestión e intervención de Impostos Especiais

As actuacións de xestión e intervención de Impostos Especiais caracterízanse por seren concomitantes, ao implicar tanto controis previos como simultáneos no momento da realización do feito imponible. Isto é debido á confluencia dos casos, xunto con elevados tipos impositivos, supostos de exencións, non suxeicións e bonificacións tributarias en función do destino, con bases impositivas non monetarias. No desenvolvemento da súa función, os interventores levantan actas de carácter previo para regularizar a situación tributaria dos suxeitos pasivos que comprobán. O carácter previo destas actas está motivado, entre outras circunstancias, polo feito de que a comprobación contable se limita aos rexistros esixidos pola Lei e o Regulamento de Impostos Especiais.

A actividade interventora desenvolvida en 2005 reflíctese no seguinte cadro:

ACTIVIDADE INTERVENTORA			
	2004	2005	% VAR. 04/05
Nº Actuacións	205.855	117.807	-42,77
Dilixencias	11.467	10.515	-8,3
Actas formuladas	150	117	-22
Exptes. Sancionadores	282	254	-9,93
TOTAL	217.754	128.610	-40.94

5.2. Control selectivo e actuacións de investigación

5.2.1. Actuacións inspectoras e de investigación sobre tributos internos

As actuacións de control selectivo en 2005 tiveron como finalidade o cumprimento dos obxectivos plasmados no Plan de Prevención da Fraude Fiscal (PPFF), fundamentalmente prever e evitar a fraude, perseguir as formas máis complexas e graves e dar preponderancia á investigación sobre a comprobación.

Seguindo as previsións do Plan Xeral de Control Tributario 2005, que integra o desenvolvemento do Plan Nacional de Inspección para o exercicio, a Axencia Tributaria realizou comprobacións selectivas, dirixindo prioritariamente as súas actuacións cara a sectores de grande

importancia económica e con elevado risco de fraude fiscal.

Deste xeito, as actuacións de comprobación foron reorientadas para a investigación do sector inmobiliario -entendido nun sentido amplo-, as tramas organizadas de fraude no IVE e nos Impostos Especiais, a prevención e a loita contra o branqueo de diñeiro e o delito fiscal, así como á realización de comprobacións de carácter sectorial e ao control de contratistas e subcontratistas.

Tamén se continuou coa normalización e a homoxeneización das actuacións de control, potenciando a utilización de novas tecnoloxías e insistindo na investigación.

Os resultados da actuación inspectora durante 2005 resúmense a continuación:

NÚMERO DE CONTRIBUÍNTES COMPROBADOS

	2004	2005	VARIACIÓN 2005/2004
UIS(1)/ EIS(2)	28.255	25.903	-8,32 %
URIS(3) / ERIS(4)	3.402	3.454	1,53 %
TOTAL TERRITORIAL	31.657	29.357	-7,27 %
INSPECCIÓN CENTRALIZADA(5)	384	510	32,81 %
TOTAL NACIONAL	32.041	29.867	-6,79 %

(1) Unidades de Inspección (UIS), realizan preferentemente actuacións inspectoras de comprobación e investigación distintas das realizadas polos EIS, URIS e ERIS.

(2) Equipos de Inspección (EIS), actúan prioritariamente sobre contribuíntes, persoas físicas que desenvolvan actividades empresariais ou persoas xurídicas cuxo volume de operacións nos exercicios comprobados exceda de 1.803.036,31 euros no caso de actividades empresariais e de 180.303,63 euros no caso de actividades profesionais.

(3) Unidades Rexionais de Inspección (URIS), realizan preferentemente actuacións inspectoras de comprobación e investigación relativas a persoas ou entidades pertencentes a un determinado sector, subsector económico ou actividade económica e cuxa cifra de negocios, en calquera dos períodos obxecto de comprobación, supere os 6.010.121,04 euros.

(4) Equipos Rexionais de Inspección (ERIS), o seu ámbito de actuación refírese preferentemente a actuacións inspectoras de comprobación e investigación que revistan especial complexidade.

(5) Inspección Centralizada, fundamentalmente corresponde á Oficina Nacional de Inspección (ONI), aínda que se inclúen datos doutras unidades de ámbito centralizado, por exemplo, equipos da Oficina Nacional de Investigación da Fraude (ONIF).

Dos 29.867 contribuíntes inspeccionados, 21.360 foron persoas xurídicas (71,52 por

cento) e 8.507 persoas físicas (28,48 por cento).


NÚMERO DE ACTAS INSTRUÍDAS

	2004	2005	VARIACIÓN 2005/2004
UIS / EIS	62.539	60.261	-3,64 %
URIS / ERIS	9.456	10.237	8,26 %
TOTAL TERRITORIAL	71.995	70.498	-2,08 %
INSPECCIÓN CENTRALIZADA	2.159	2.214	2,55 %
TOTAL NACIONAL	74.154	72.712	-1,94 %

DÉBEDA INSTRUÍDA

	2004	2005	VARIACIÓN 2005/2004
UIS / EIS	1.568,98	1.830,71	16,68 %
URIS / ERIS	855,42	986,89	15,37 %
TOTAL TERRITORIAL	2.424,40	2.817,60	16,22 %
INSPECCIÓN CENTRALIZADA	774,99	1.210,82	56,24 %
TOTAL NACIONAL	3.199,39	4.028,42	25,91 %

DÉBEDA INSTRUÍDA POR UNIDADES



A débeda total instruída a persoas xurídicas ascendeu a 3.461,89 millóns de euros (85,94 por cento), mentres que no caso das persoas físicas, o importe da débeda ascendeu a 566,53 millóns de euros (14,06 por cento do total).

Por conceptos impositivos, o maior fornecemento corresponde ao Imposto sobre

Sociedades (56,13 por cento); a continuación o Imposto sobre o Valor Engadido (27,61 por cento), o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (9,98 por cento), as Retencións do Traballo Persoal e Profesional (3,07 por cento), o Imposto sobre o Patrimonio (1,08 por cento) e as Retencións do Capital Mobiliario (0,44 por cento).

DÉBEDA INSTRUÍDA POR CONCEPTOS TRIBUTARIOS E UNIDADES
(en millóns de euros)


CONCEPTO TRIBUTARIO	UIS / EIS	%	URIS / ERIS	%	ONI	%	OUTRAS (1)	%	TOTAL	%
I. SOCIEDADES	722,53	39,47	506,00	51,27	1.022,44	85,29	10,17	84,47	2.261,14	56,13
IVE	699,70	38,22	299,18	30,32	113,21	9,44	0,04	0,33	1.112,13	27,61
IRPF	346,51	18,93	55,36	5,61	0,00	0,00	0,19	1,58	402,06	9,98
RET. TRABALLO PERSOAL E PROF.	25,28	1,58	59,56	6,04	38,75	3,23	0,00	0,00	123,59	3,07
RET. CAPITAL MOBILIARIO	4,16	0,23	3,52	0,36	9,87	0,82	0,00	0,00	17,55	0,44
I. PATRIMONIO	3,61	0,20	39,92	4,05	0,00	0,00	0,00	0,00	43,53	1,08
OUTROS	28,92	1,58	23,35	2,37	14,51	1,21	1,64	13,62	68,42	1,70
TOTAL	1.830,71	100,00	986,89	100,00	1.198,78	100,00	12,04	100,00	4.028,42	100,00

(1) Outras unidades de inspección centralizada, fundamentalmente Equipos ONIF

DÉBEDA INSTRUÍDA POR CONCEPTOS TRIBUTARIOS

CONCEPTO TRIBUTARIO	DÉBEDA TOTAL INSTRUÍDA		
	2.004	2.005	% 05/04
I. SOCIEDADES	1.693,73	2.261,14	33,50
IVE	987,15	1.112,13	12,66
IRPF	318,16	402,06	26,37
RET. TRABALLO PERSOAL E PROF.	106,96	123,59	15,55
RET. CAPITAL MOBILIARIO	23,84	17,55	-26,38
I. PATRIMONIO	4,31	43,53	909,98
OUTROS	65,24	68,42	4,87
TOTAL	3.199,39	4.028,42	25,91

DÉBEDA INSTRUÍDA POR CONCEPTOS TRIBUTARIOS



Dos 4.028,42 millóns de euros de débeda instruída, 2.689,48 millóns (66,76 por cento) corresponderon a cotas, 768,39 millóns (19,07 por cento) corresponderon a sancións e 570,55 millóns a intereses de demora e outros conceptos.

O importe da débeda liquidada en 2005 ascendeu a 3.567,94 millóns de euros. Este importe non coincide co da débeda instruída (4.028,42 millóns) xa que esta corresponde á débeda incoada ou proposta en acta, que só se converterá na liquidada efectivamente unha vez que a acta fose confirmada.

Entre as actuacións de control, salientan as realizadas sobre tramas e facturas falsas. Investigáronse un total de 583 sociedades, realizándose 6.000 comprobacións ou controis preventivos de sociedades que solicitaron a súa inclusión no Rexistro de Operadores Intracomunitarios. Neste ámbito sempre foi crucial a investigación dos niños de sociedades e a colaboración internacional, da que se apuntan datos no apartado "Outras actuacións relativas ao control tributario".

Durante 2005 foron realizadas actuacións para evitar a fraude no Imposto sobre Determinados Medios de Transporte. Así, en coordinación coa Dirección Xeral de Tráfico, desenvóléronse actuacións tendentes a controlar o procedemento administrativo de matriculación que se realiza perante as Xefaturas Provinciais de Tráfico e a impedir a matriculación dos vehículos que non acrediten suficientemente o pagamento do Imposto Especial de Matriculación. Os resultados derivados destas actuacións foron moi positivos; conseguiuase a práctica desaparición das matriculacións con bases impositivas declaradas simplemente simbólicas e, ademais, a cota media declarada en 2005 no citado imposto creceu un 9,97 por cento (un 30,47 por cento no caso das Sociedades de Responsabilidade Limitada, figura xurídica normalmente utilizada para a comisión da fraude do IVE e ao imposto especial no sector).

Delito fiscal

A evolución das actuacións en materia de delito contra a Facenda Pública resúmese no seguinte cadro:

EVOLUCIÓN DAS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE DELITO CONTRA A FACENDA PÚBLICA (en millóns de euros)

	2002 (1)	2003 (1)	2004 (1)	2005 (2)	VARIACIÓN 2005/2004
Número de expedientes	1.029	1.548	1.278	1.018	-20,34
Número de contribuíntes	553	752	740	764	3,24
Cotas defraudadas	499,39	666,20	687,67	867,16	26,10
Cota media por expediente	0,495	0,434	0,540	0,852	57,69
Cota media por contribuínte	0,903	0,899	0,934	1,135	21,48

(1) Incluídos contribuíntes e expedientes tramitados por delito fiscal, delito contable, fraude en subvencións, tramas de fraude no IVE e os paralizados por concorrer procedemento penal. Ao determinar as cotas medias non se teñen presentes os delitos contables por non comportar cota efectiva.

(2) Como consecuencia das mudanzas nas aplicacións informáticas non é posible en 2005 separar os delitos contables dos supostos de concorrencia con procedemento penal e outros ilícitos, polo que se inclúen todos, afectándolles tamén aos importes das cotas medias.

Dos 1.018 expedientes, 311 refírense a tramas de defraudación no IVE e 540 a delitos fiscais; os 167 restantes, que afectan a 120 contribuíntes, agrupan delitos contables, expedientes paralizados por concorrer procedemento penal ou outros ilícitos penais.

As cotas efectivas ascenden a 867,16 millóns de euros, dos cales 825,69 millóns corresponden a expedientes de delito fiscal (deles 392,80 millóns corresponden a tramas de defraudación no IVE), e 41,47 millóns a outros ilícitos penais ou a expedientes paralizados por concorrer procedemento penal.

**O balance das actuacións
Control tributario e aduaneiro**

Outras actuacións de comprobación

A Axencia desenvolve múltiples controis que dan lugar á minoración de devolucións solicitadas, minoración en bases impositivas a compensar, axustes en tributación consolidada, etc. A minoración das devolucións solicitadas en 2005 ascendeu a 308,78 millóns de euros, o cal é indicativo da importancia destas actuacións.

Outras actuacións relativas ao control tributario

A información é un activo esencial para a Administración Tributaria. Por iso, a Axencia Tributaria dispón de moi diversas fontes de información: as declaracións presentadas polos contribuíntes; a documentación fornecida por estes no curso das actuacións de control; as declaracións informativas relativas a operacións con terceiros (rendementos satisfeitos sometidos a retención, compras e vendas empresariais, donativos recibidos, etc.); os datos captados mediante requirimentos individuais, etc.

DATOS OBTIDOS NA INFORMACIÓN DE APOIO

A) NÚMERO TOTAL DE DATOS A 31-12-05		19.151.966
B) DETALLE SEGUNDO O ÓRGANO DE CAPTACIÓN:		
EQUIPO CENTRAL DE INFORMACIÓN		18.629.043
DELEGACIÓN DA AXENCIA		522.923
C) COMPARACIÓN ANO 2004		
	2.004	2.005
ECI	13.880.507	18.629.043
DELEGACIÓN DA AEAT	25.258	522.923

Ademais, a Axencia Tributaria envía a outras Administracións Tributarias e recibe información destas, con base en convenios e directivas.

En abril de 2005 entrou en funcionamento a aplicación INTER; esta aplicación serve

para tramitar os pedimentos individuais de información, tanto os que realizan os nosos actuarios a outros países, como as que se reciben do estranxeiro. A aplicación tamén permite o rexistro da información automática intercambiada, xa sexa de impostos directos ou de IVE.

**INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN CON OUTROS PAÍSES
IMPOSTOS DIRECTOS**

INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN PREVIO PEDIMENTO (1)	DE ESPAÑA A TERCEIROS PAÍSES	TERCEIROS PAÍSES A ESPAÑA
Solicitudes de información	124	375
DATOS INTERCAMBIOS AUTOMÁTICOS EN IMPOSTOS DIRECTOS		
	Nº expedientes:	Nº contribuíntes:
DATOS ENVIADOS A OUTROS PAÍSES (2)	15	7.572.498
DATOS RECIBIDOS DOUTROS PAÍSES	20	120.972
DATOS INTERCAMBIOS ESPONTÁNEOS EN IMPOSTOS DIRECTOS		
	Nº expedientes:	Nº contribuíntes:
DATOS ENVIADOS A OUTROS PAÍSES (2)	72	73
DATOS RECIBIDOS DOUTROS PAÍSES	158	7.270

(1) Reflicten o número de pedimentos.

(2) Datos correspondentes ao Modelo 296 e referidos a diversos tipos de rendas.

**INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN (IVE) CON OUTROS PAÍSES
DA UNIÓN EUROPEA (VIES)**

	DE ESPAÑA A TERCEIROS PAÍSES	DE TERCEIROS PAÍSES A ESPAÑA
SOLICITUDES DE INFORMACIÓN (1)	1.071	1.724
REMISIONS DE INFORMACIÓN SEN PREVIA SOLICITUDE (1)	10	243

(1) Non se inclúen os intercambios realizados directamente polos equipos de tramas de fraude. Os equipos de tramas tramitaron en 2005 os seguintes expedientes de intercambio de información internacional: Sector automóviles: 1.104 expedientes tramitados. Sector informático: 967 expedientes. Sector comercio metais e ferrallas: 34 expedientes. Sector telefonía móbil: 782 expedientes.

5.2.2. Actuacións inspectoras e de investigación sobre tributos que gravan as operacións de comercio exterior e sobre Impostos Especiais

A actuación dos órganos da Inspección está orientada polo Plan Xeral de Control Tributario da Axencia Tributaria, en que se integra o Plan Parcial de Control de Aduanas e Impostos Especiais, que inclúe o Plan Nacional de Inspección de Aduanas e Impostos Especiais.

O Plan de Inspección 2005 presenta os seguintes elementos novos, derivados do Plan de Prevención da Fraude Fiscal:

A definición de programas de actuación preferente que, á diferenza dos plans de anos anteriores, se establecen en función de tipoloxías de fraude e non de tipo de imposto.

A importancia das actuacións de coordinación con outros órganos da Axencia Tributaria (dentro ou fóra da Área de Aduanas e Impostos Especiais), doutras Administracións (nacionais, da Unión Europea ou de terceiros países) e a incorporación das actuacións de peritaxe ou auxilio con relación á Administración de xustiza.

Son Programas de Actuación Preferente:

- a) Fraude no Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte (IESDMT) en coches de alta gama procedentes doutros países da Unión Europea
- b) Fraude na circulación intracomunitaria de produtos importados con exención do IVE (despachos a libre práctica)

- c) Fraude no IESDMT en embarcacións con exención
- d) Fraude no IESDMT o nos Tributos sobre o Comercio Exterior en embarcacións con bandeira non española
- e) Fraude nos Impostos Especiais de fabricación por irregularidades na circulación en réxime suspensivo de produtos suxeitos a estes Impostos: con especial atención aos Impostos sobre o Alcohol e as bebidas derivadas e o de hidrocarburos
- f) Fraude na importación de produtos procedentes de Asia
- g) Fraude no uso de produtos con exencións ou bonificacións nos Impostos Especiais de Fabricación
- h) Actuacións no Imposto sobre Vendas Retallistas de Hidrocarburos
- i) Fraude no IVE derivada de operacións con produtos suxeitos a Impostos Especiais ou por operacións de Comercio Exterior

É preciso salientar tres factores que están a influír favorablemente nos resultados da área durante os últimos anos. En primeiro lugar, a especialización dos servizos de investigación; en segundo lugar, a mellora dos sistemas de selección de contribuíntes, dotando os órganos de Inspección de novos medios que permiten orientar o traballo da inspección para os sectores de maior risco; e, finalmente, a actualización dos sistemas informáticos.

Os resultados das actuacións inspectoras durante 2005 resúmense a continuación:

**O balance das actuacións
Control tributario e aduaneiro**

NÚMERO DE CONTRIBUÍNTES COMPROBADOS

	2004	2005	VARIACIÓN 2005/2004
URIS	2.700	3.065	13,52
ONI	253	221	-12,65
TOTAL	2.953	3.286	11,28

NÚMERO DE ACTAS INSTRUÍDAS

	2004	2005	VARIACIÓN 2005/2004
URIS	4.889	6.476	32,46
ONI	459	379	-17,43
TOTAL	5.348	6.855	28,18


DÉBEDA INSTRUÍDA (en millóns de euros)

	2004	2005	VARIACIÓN 2005/2004
URIS	227,5	262,10	15,21
ONI	67,63	73,99	9,4
TOTAL	295,13	336,09	13,88

Importe en millóns de euros

Por conceptos impositivos, obsérvase que a débeda instruída por IVE e Imposto Especial sobre Determinados Medios de

Transporte supón un 68,72 por cento do total.



DÉBEDA INSTRUÍDA POR CONCEPTOS

CONCEPTO	2004	2005	D% 05/04
IVE	90,725	89,509	-1,34
IE. CERVEXA	0,107	0,054	-49,98
IE. ALCOHOL E BB.DD.	51,77	12,799	-75,28
IE. HIDROCARBUROS	25,911	29,862	15,25
IE. VENDA RETALLISTA	1,169	3,598	207,83
IE. LABORES TABACO	0,339	0,164	-51,55
IE. MEDIOS TRANSPORTE	78,454	141,471	80,32
IE. PTOS. INTERMEDIOS	1,237	0,765	-38,19
IE. ELECTRICIDADE	23,092	3,128	-86,45
RECURSOS PROPIOS UE	21,454	47,555	121,66
INTERESES DEMORA	0,331	0,834	151,77
SANCIÓNS TRIBUTARIAS	0,544	6,362	1.070,22
TOTAL	295,132	336,099	13,88

Importes en millóns de euros

Cómpre salientar que o Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte é o que ten un maior volume de débeda, cun 42,09 por 100 sobre o total e en 2005 aumentou nun 80,32 por 100 en relación co ano anterior. Niso influíu o feito de posuír tres programas de actuación preferente en 2005, intensificándose a actuación sobre as chamadas "empresas pantalla", que son empresas de recente creación ou inactivas, domiciliadas en empresas de prestación de servizos a empresas, etc. e sen actividade económica real, a favor das que se simula a adquisición de coches de alta gama procedentes doutros países da Unión Europea. As bases que declaran para a liquidación deste imposto son moi reducidas. Esta fraude está relacionada tamén con outros impostos, xa que estas empresas no presentan declaración tributaria ningunha, agás a alta censal e na venda á empresa final repercuten a cota correspondente de IVE, que non ingresan na Facenda Pública.

O maior incremento porcentual rexístrase nas Sancións Tributarias, debido a que os datos dos anos 2004 e 2005 están desvirtuados polo efecto da paralización en 2004 dos procedementos sancionadores, como consecuencia da entrada en vigor da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. A figura impositiva con maior incremento é o Imposto Especial sobre as Vendas Retallistas de determinados Hidrocarburos, cun 207,83 por 100, o que

parece lóxico se se considera que se trata dun imposto moi recente, xa que se creou con efectos dende o 1 de xaneiro de 2002.

O Imposto Especial sobre a Electricidade sofre unha diminución do 86,45 por 100. O Imposto Especial sobre o Alcohol e Bebidas Derivadas diminúe nun 75,28 por 100, aínda ben que cómpre ter en consideración o forte incremento (278,36%) que experimentou en 2004, como consecuencia das actuacións de regularización de perdas admisibles no proceso de fermentación alcohólica das melazas e demais substancias azucradas. Tamén é importante salientar que 21,560 millóns de euros de débeda deste imposto foron tramitados como delito fiscal, non estando, por tanto, incluída na débeda instruída.

No Imposto sobre os Labores do Tabaco 6,355 millóns de euros de débeda foron tramitados como delito de contrabando.

Delito fiscal e de contrabando

Nas súas actuacións de comprobación e investigación durante 2005, a Axencia Tributaria descubriu actividades fraudulentas que, pola súa contía e ánimo de dolo, foron consideradas como actuacións delituosas, formulándose perante o Ministerio Fiscal 24 denuncias por delito fiscal e 5 por delito de contrabando, que foron avaliadas en

O balance das actuacións Control tributario e aduaneiro

59,741 millóns de euros, o que supón unha redución de 1,064 millóns de euros en canto ao ano anterior. Estes datos refírense ás actuacións inspectoras e de investigación sobre tributos que gravan as operacións de comercio exterior e

sobre impostos especiais. Por tanto, son adicionais aos datos xa indicados anteriormente no apartado de actuacións inspectoras e de investigación sobre tributos internos.

DELITO FISCAL E DE CONTRABANDO DENUNCIADO POLA INSPECCIÓN

	2004		2005		DD% 05/04	
	Nº DELITOS	DÉBEDA (*) Mill. euros	Nº DELITOS	DÉBEDA (*) Mill. euros	Nº DELITOS	DÉBEDA
URI	17	60,805	29	59,741	70,59	-1,75
ONI	0	0	0	0		
TOTAL	17	60,805	29	59,741	70,59	-1,75

(*)Ponderación: 1,5

Aínda que o número de denuncias aumentou nun 70 por 100, o importe destas mantense a un nivel lixeiramente inferior ao do ano anterior.

Minoración de restitucións á exportación

Algunhas das actuacións desenvolvidas no ámbito da inspección sobre os tributos que gravan as operacións de comercio exterior non teñen reflexo en débeda de contraído previo. Entre elas destacan 41 comprobacións realizadas no ano 2005 en materia de restitucións á exportación, por un importe de 14,078 millóns de euros.

MINORACIÓN DE RESTITUCIÓN S Á EXPORTACIÓN

	2004		2005		DÉBEDA % 05/04
	Nº ACTUACIONES	DÉBEDA Mill. Euros	Nº ACTUACIONES	DÉBEDA Mill. Euros	
URI	43	1,184	33	0,725	-38,77
ONI	5	10,366	8	13,353	28,82
TOTAL	48	11,55	41	14,078	21,89

O Plan de Comprobacións a realizar en materia de restitucións vén fixado pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

O incremento de débeda é debido á regularización de importacións de carne de bovino conxelada sen xustificar a orixe do produto.

Outras actuacións relativas ao control

No concernente ás actuacións de asistencia mutua, fundamentadas xuridicamente no Regulamento (CE) 515/97 e nos Convenios subscritos ao efecto entre a Unión Europea e Países Terceiros, realizáronse as seguintes actuacións de colaboración:

COLABORACIONES

	A INSTANCIA DE ESPAÑA	A INSTANCIA DOS ESTADOS MEMBROS
COS ESTADOS MEMBROS	27	132
CON PAÍSES TERCEIROS	18	211

5.2.3. Actuacións de Vixilancia Aduaneira

A Área Operativa de Vixilancia Aduaneira realiza dous tipos de tarefas. Dunha banda, tarefas de control como poden ser a detección de contrabando nos recintos aduaneiros, a aprehensión de buques que transportan cocaína, a denuncia de delitos de branqueo de capitais e o comiso de mercadorías que vulneren os dereitos de propiedade industrial ou intelectual. Por outra banda, tarefas de prevención como poden ser patrullar coas embarcacións para desanimar a posible introdución de mercadorías de contrabando e precintar establecementos e aparellos de produción para que non exista fraude nos impostos especiais.

A continuación póñense de relevo algúns dos resultados conseguidos:

O valor total das mercadorías aprehendidas, descubertas e intervidas polos órganos de vixilancia aduaneira en 2005 ascendeu a 3.254,28 millóns de euros.

As actuacións referidas ao contrabando de estupefacientes (aprehensións de 172 toneladas de haxix e 30,5 toneladas de cocaína) representan algo máis do 81 por cento do total do valor das actuacións do exercicio.

As principais intervencións realizadas en 2005 foron:

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DA ÁREA OPERATIVA DE ADUANAS

<i>OPERACIÓN</i>	<i>CANTIDADES (KG)</i>
2 CONTEDORES. OPERACIÓN "OUTONO II"	4.600
Estupefacientes- Cocaína	
WHITE SANDS	3.947
Estupefacientes- Cocaína	
CERES II	3.509
Estupefacientes- Cocaína	
YEMAYA II	3.500
Estupefacientes- Cocaína	
SQUILA	8.000
Estupefacientes- Haxix	
CAMIÓN	7.096
Estupefacientes- Haxix	
OPERACIÓN "MOJITOS"	2.000
Estupefacientes- Cocaína	
Euros - Branqueo capitais	115.505.300

En materia de actuacións contra o contrabando de tabaco, foron aprehendidos 8.115.452 paquetes de tabaco e foron realizadas dilixencias de descuberta por un total de 4.330.799 paquetes.

Dos 5.088 expedientes de contrabando tramitados, 4.610 foron por delito e 478 por infracción administrativa.

Realizáronse 9.424 actuacións non referidas a contrabando das que 1.374 corresponden a branqueo de capitais.

No tocante ao ámbito de impostos especiais, realizáronse 7.714 dilixencias. Como resultado da actividade desenvolvida, foron detidas ou inculpadas 1.185 persoas (884 por contrabando e as 301 restantes por outros delitos).

O balance das actuacións Control tributario e aduaneiro

5.2.4. Control analítico realizado nos laboratorios de aduanas

A actividade de control analítico das mostras de mercadorías obxecto de

comercio exterior ou sometidas á normativa de Impostos Especiais realizada polos laboratorios de aduanas resúmese no seguinte cadro:

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE MOSTRAS ANALIZADAS

LABORATORIO	NÚMERO DE MOSTRAS				
	2001	2002	2003	2004	2005
CENTRAL	7.684	6.339	8.298	7.522	8.278
BARCELONA	2.621	2.174	1.973	2.734	2.396
IRÚN	267	230	218	202	79
SEVILLA	1.173	737	830	1.049	1.309
VALENCIA	1.131	1.226	1.189	1.232	1.730
TOTAL	12.876	10.706	12.508	12.739	13.792

5.3. Xestión recadatoria

Neste apartado analízase a xestión recadatoria que a Axencia Tributaria realiza das débedas e sancións tributarias procedentes de liquidacións practicadas pola propia Axencia e non ingresadas

voluntariamente e dos recursos de natureza pública doutros entes cuxa recadación lles fora encomendada por Lei ou convenio. No seguinte cadro, preséntase resumida a xestión realizada no ano 2005, desagregada en función dos entes emisores das débedas a xestionar.

RESUMO XERAL DA XESTIÓN REALIZADA DURANTE 2005.- TOTAL NACIONAL

ENTES EMISORES	PENDENTE 01/01/2005	CARGADAS DURANTE 2005	TOTAL A XESTIONAR	TOTAL XESTIÓN	PENDENTE DE XESTIÓN A 31/12/05
DÉBEDAS AEAT	6.867,77	3.862,72	10.730,50	3.314,28	7.416,22
DÉBEDAS OUTROS ENTES	908,53	1.220,69	2.129,22	972,99	1.156,24
TOTAL	7.776,30	5.083,42	12.859,72	4.287,27	8.572,45

Importe en millóns de euros

No caso de non se realizar o pagamento da débeda no período voluntario, iníciase o período executivo e, unha vez notificada a providencia de costrinximento, iníciase o procedemento de costrinximento. As providencias de costrinximento emitidas no exercicio 2005 alcanzaron o importe de 5.084 millóns de euros (un 29,4 por cento máis que en 2004); correspondendo a débedas procedentes de liquidacións practicadas pola Axencia Tributaria o 76% do total e o resto a outros entes.

5.3.1. Débedas procedentes de liquidacións practicadas pola Axencia Tributaria

A distribución por orixe da débeda total a xestionar reflíctese no seguinte cadro:

**XESTIÓN RECADATORIA DE DÉBEDAS DA AEAT 2005.
DISTRIBUCIÓN POR ORIXE DA DÉBEDA**

	PENDENTE A 01/01/2005	CARGADO NO EXERCICIO	TOTAL CARGO	TOTAL XESTIÓN	PENDENTE A 31/12/2005
ACTAS	3.684,60	1.802,89	5.487,50	1.411,47	4.076,03
RECOÑECEMENTO DÉBEDAS	1588,03	979,62	2567,65	962,35	1.605,30
OUTRAS LIQUIDACIÓNS AEAT	1.595,14	1.080,21	2.675,35	940,45	1.734,90
TOTAL	6.867,77	3.862,73	10.730,50	3.314,28	7.416,22

Importe en millóns de euros

5.3.2. Débedas doutros entes

A Axencia Tributaria realiza tamén a xestión recadatoria en vía executiva dos recursos doutros órganos do Estado e dos seus Organismos Autónomos, así como dos recursos doutras Administracións ou Entes

Públicos, cuxa recadación se lle encomende por Lei ou por Convenio.


En 2005, a recadación foi realizada para un conxunto de 120 Entes externos, comprendendo 63 Organismos Autónomos, 16 Comunidades Autónomas, 1 Deputación Foral, 2 Entidades Locais e 38 Entes Públicos. Ademais cómpre considerar as débedas liquidadas polos diferentes Departamentos Ministeriais incorporadas á vía de costringimento.

**XESTIÓN REALIZADA DURANTE 2005 CORRESPONDENTE A DÉBEDAS DOUTROS
ENTES. DETALLE POR ENTES EMISORES**

ENTES EMISORES	PENDENTE A 1-1-05	CARGADO 2005	TOTAL CARGO	TOTAL XESTIÓN	PENDENTE XESTIÓN A 31-12-05
OO.AA	357,93	389,72	747,65	307,70	439,95
CC.AA.	289,86	329,26	619,12	269,02	350,11
ENTES PÚBLICOS	25,83	39,43	65,26	26,84	38,42
RESTO	234,90	462,29	697,19	369,43	327,76
TOTAL ENTES	908,53	1.220,69	2.129,22	972,99	1.156,24

Importe en millóns de euros

XESTIÓN DE DÉBEDAS DOUTROS ENTES 2005 - DETALLE POR ENTES EMISORES



ORIXE DOS CARGOS DOUTROS ENTES EN 2005

ENTES EMISORES	EN MILLÓNS DE EUROS	PORCENTAXE
C. A. DE ANDALUCÍA	41,87	1,97 %
C. A. DE ARAGÓN	17,65	0,83 %
C. A. PDO. ASTURIAS	2,43	0,11 %
C. A. DE BALEARES	3,69	0,17 %
C. A. DE CANARIAS	0,46	0,02 %
C. A. DE CANTABRIA	4,18	0,20 %
C. A. CASTELA-A MANCHA	42,97	2,02 %
C. A. DE CASTELA E LEÓN	44,18	2,07 %
C. A. DE CATALUÑA	238,56	11,20 %
C. A. DE ESTREMADURA	5,00	0,23 %
C. A. DE GALICIA	12,76	0,60 %
C. A. DE MADRID	112,36	5,28 %
C. A. DE MURCIA	1,24	0,06 %
C. A. DO PAÍS VASCO	4,67	0,22 %
C. A. DA RIOXA	0,82	0,04 %
C. A. DE VALENCIA	86,30	4,05 %
XEFATURA DE TRÁFICO	436,69	20,51 %
OO.AA. CONFEDERACIÓNS HIDROGRÁFICAS	201,00	9,44 %
O.A. I.N.E.M.	49,05	2,30 %
A.E.N.A.	1,62	0,08 %
EE.PP. AUTORIDADES PORTUARIAS	22,61	1,06 %
CONSELLO SUPERIOR DE CÁMARAS DE COMERCIO	23,02	1,08 %
RESTO DE OO.PP.	78,92	3,71 %
D. MINISTERIAIS E O.E. EXTERNOS Á AEAT	697,19	32,74 %
TOTAL	2.129,22	100,00 %

Os entes externos con maior importe de débedas a xestionar pola Axencia Tributaria durante 2005 foron: O Organismo Autónomo Xefatura de Tráfico (20,51%) e o conxunto das Confederacións Hidrográficas (9,44%). No tocante ás Comunidades Autónomas, salientan as de Cataluña, Madrid e Valencia, con maior importe de débedas a xestionar durante 2005.

5.3.3. Xestión de taxas

A Axencia Tributaria ten atribuída, dunha parte, a dirección da xestión

recadatoria destes ingresos públicos de natureza tributaria e, da outra, a realización efectiva da xestión recadatoria en período executivo das taxas cuxa xestión corresponda aos Departamentos Ministeriais e Organismos Autónomos.

A recadación líquida obtida en 2005 en concepto de taxas xestionadas polos distintos Departamentos Ministeriais e polos Organismos Autónomos da Administración Xeral do Estado detállase no cadro seguinte:

RECADACIÓN LÍQUIDA DE TAXAS EN VOLUNTARIA ANO 2005

	EN MILES DE EUROS
A TRAVÉS DE ENTIDADES COLABORADORAS*	691.635,92
A TRAVÉS DE CONTAS RESTRINXIDAS **	809.966,23
MEDIANTE EFECTOS TIMBRADOS	38,40
TAXAS CONSULARES	40.001,35
INGRESOS DE DELEGACIÓNS AEAT	50.812,68
TRANSFERENCIA DE INGRESOS	98.831,32
DEVOLUCIÓN EMITIDAS	-2.684,88
TOTAL	1.688.601,02

* Total recadado por Entidades colaboradoras por taxas xestionadas por Departamentos Ministeriais e Organismos Autónomos

** Total recadado mediante contas restrinxidas correspondentes a Departamentos Ministeriais e Organismos Autónomos

5.3.4. Outras actuacións relativas ao control na fase de recadación

No marco da asistencia mutua entre os países membros da Unión Europea, a Axencia Tributaria recibiu en 2005: 15 pedimentos de notificación, 158 pedimentos de información, 11 pedimentos de adopción de medidas cautelares e 782 pedimentos de cobro.

Canto á xestión, incrementouse en case un cincuenta por cento o número de expedientes cobrados pola

Axencia Estatal de Administración Tributaria a favor doutros Estados membros da Unión Europea aínda que o importe total cobrado se mantivo.

Respecto ás solicitudes enviadas por España, mantense o dato relativo ao menor número de pedimentos formulados en comparación cos recibidos do exterior.